

Resolución do 5 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a acreditación da competencia dixital do alumnado que cursa, en réxime ordinario, ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 25/26

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle no seu artigo 2 que un dos fins aos que se orienta o sistema educativo español é "a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

Esta lei tamén establece, no apartado 5 do seu artigo 111bis, que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, e que as Administracións educativas establecerán as condicións que fagan posible eliminar no ámbito escolar as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización destas tecnoloxías, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Así mesmo, indica que se fomentarán a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regulan que a competencia dixital é un elemento transversal que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das materias da etapa, debe traballarse en todas as materias. Deste modo, calquera alumna ou alumno destas etapas educativas adquire aprendizaxes que reforzan a súa capacitación dixital co obxectivo de contribuír á súa plena participación na sociedade actual.



A Unión Europea considera fundamental para poder incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida o desenvolvemento da competencia dixital, que é unha das oito competencias que recolle a Recomendación do Consello do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Para contribuír á comprensión e ao desenvolvemento desa competencia a Comisión Europea desenvolveu o Marco europeo de competencias dixitais (DigComp), que se traspón e se concreta á realidade do contexto galego mediante o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais (ComDix). Este marco, flexible e dinámico, determina os coñecementos, as competencias e as aptitudes para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria dos servizos dixitais avanzados, á mellora profesional e ao benestar colectivo.

A Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engade unha nova disposición adicional sétima á Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, relacionada coas competencias dixitais no sistema educativo galego. Nela recóllese que a avaliación, o recoñecemento e o rexistro das competencias dixitais no ámbito do sistema educativo galego, tanto para o persoal docente, de acordo co seu marco específico de referencias de competencia dixital docente, como para o alumnado, corresponderá á consellería con competencias en materia de educación. A dita disposición tamén recolle a necesaria coordinación dos procesos de xestión do Marco galego de competencias dixitais e do Rexistro de certificacións de competencias dixitais e os que se establezan no sistema educativo galego, así como o establecemento das equivalencias, e dos correspondentes procedementos entre as competencias dixitais obtidas no sistema educativo e o Marco galego de competencias dixitais para a cidadanía de Galicia.

O 19 de agosto de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se aproba e publica o documento *Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais*. Este documento determina as formas de obtención da acreditación do nivel de competencia dixital, destacando, entre outras, a superación da educación regrada por parte do alumnado do sistema educativo galego e establecendo que a consellería competente en materia de educación propondrá as equivalencias entre as competencias dixitais obtidas no sistema educativo e as establecidas no Marco



galego.

Neste contexto, a Estratexia Educación Dixital 2030 considera imprescindible a capacitación dixital e, tendo en conta que a competencia dixital se desenvolve dun xeito transversal, mediante as aprendizaxes adquiridas en distintas áreas e etapas educativas, propón a acreditación da competencia dixital do alumnado como vía para contribuír á súa plena participación na sociedade actual e para mellorar o seu acceso ao mercado laboral.

Polo anterior é preciso ditar instrucións para a acreditación da competencia dixital do alumnado que estuda a etapa de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato tendo en consideración o Marco galego de competencias dixitais, e, de conformidade co exposto, como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para a acreditación da competencia dixital do alumnado que cursa, en réxime ordinario, as etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 25/26.
2. Esta resolución é de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia nos cales se imparten as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Segundo. Niveis de acreditación

1. Os niveis de competencia dixital que se acreditan a través dos procedementos regulados nesta resolución son: iniciación e intermedio. Estes niveis correspóndense cos niveis de aptitude do Marco galego de competencias dixitais recollidos no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.



2. Tamén se poden acreditar, de xeito parcial, os coñecementos, habilidades e actitudes dunha ou varias áreas de dominio correspondentes ao nivel intermedio descrito no Marco galego de competencias dixitais.

Terceiro. *Modalidades de acreditación*

A acreditación da competencia dixital do alumnado poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

1. Por obter o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria no curso 25/26.
2. Por obter o título de bacharel no curso 25/26 e superar unha proba específica de acreditación da área de dominio 4 de nivel intermedio.

Cuarto. *Acreditación do alumnado de educación secundaria obrigatoria*

1. O alumnado que obteña o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá o certificado que acredita o nivel de iniciación.
2. Esta certificación será emitida de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.
3. A acreditación do alumnado terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno.

Quinto. *Acreditación do alumnado de bacharelato*

1. A obtención do título de bacharel acredita que a alumna ou o alumno ten os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.



2. O alumnado matriculado en 2º de bacharelato poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.

3. No caso de que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel e ademais supere a proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio, recibirá a certificación ComDix que acredita o nivel intermedio. A dita certificación será emitida de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

4. O alumnado que titule sen superar a proba específica e o alumnado que non titule e supere a proba específica poderá solicitar no centro docente un documento que acredite os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio de competencia dixital de nivel intermedio superadas. Para estes efectos poderase empregar o modelo de solicitude recollido no anexo I.

5. O alumnado dos centros sostidos con fondos públicos recibirá os documentos de acreditación aos que se refire o número anterior (anexo II) a través da aplicación Abalar e estará tamén dispoñible para a súa descarga por parte dos centros educativos en XADE no informe *AL910-Certif.Comp.dixitais*

No caso de alumnado matriculado en centros de titularidade privada, será emitido polo centro educativo e axustarase ao modelo do anexo III.

6. O documento de acreditación terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou do alumno.

Sexto. Requisitos do alumnado para participar na proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio

O alumnado deberá estar matriculado en 2º de bacharelato, en réxime ordinario, para presentarse á proba específica que acredita a área de dominio 4 de competencia dixital de nivel intermedio.



Sétimo. Solicitude e inscrición nas probas específicas

1. O alumnado de 2º de bacharelato que desexe realizar a proba específica solicitará a súa inscrición empregando o modelo establecido no anexo IV e seguindo o procedemento establecido polo propio centro.
2. O alumnado menor de idade contará coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais para poder inscribirse na realización da proba.
3. Os centros docentes deberán inscribir o alumnado que participará na proba con data límite 20 de febreiro, ás 23:59 horas. Tamén deberán indicar o nome da persoa ou persoas coordinadoras destas probas.
4. A inscrición do alumnado de 2º de bacharelato e a comunicación dos datos das persoas coordinadoras da proba realizarase do seguinte xeito:
 - a) O alumnado de centros sostidos con fondos públicos e con xestión académica en XADE inscribirase a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/> (sección Programas de éxito educativo>> Proba de acreditación de competencias dixitais - Área 4 - 2º Bacharelato). Na mesma aplicación indicárase a persoa coordinadora da proba e achegárase a información complementaria solicitada no formulario ligado.
 - b) O alumnado e os datos das persoas coordinadoras de centros de titularidade privada non sostidos con fondos públicos así como aqueles si sostidos pero sen xestión XADE, inscribíranse mediante a ligazón a un formulario, que lles será comunicada pola Administración xunto cos pasos necesarios para cubri-lo.

Oitavo. Aplicación da proba específica

1. A aplicación da proba realizarase ao longo do mes de marzo de 2026.
2. Informárase o centro do día e da hora coa antelación suficiente para a organización das probas.
3. As probas realizaranse nos centros docentes que impartan bacharelato con alumnado inscrito o día e no horario que se estableza segundo o número de alumnado interesado e a dispoñibilidade de equipos informáticos do centro.
4. A convocatoria de cada proba específica será única.



Noveno. *Información sobre a proba específica*

1. Os centros docentes informarán o alumnado destinatario da proba específica e as familias sobre o obxectivo e o tipo da proba, o nivel ou a área de dominio de competencia dixital que se acredita e a data dela.
2. A proba específica para acreditar a área de dominio 4, *Seguridade e privacidade*, axustarase á definición desta área no nivel Intermedio no Marco galego de competencias dixitais (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/gl/marco-galego/estrutura>). A alumna ou o alumno debe responder nun tempo máximo de 20 minutos un total de 12 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía. A proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio considerarase superada ao responder correctamente, como mínimo, ao 60% das preguntas (8 preguntas).

Décimo. *Organización das probas*

1. Cada centro participante deberá dispoñer dun ou varios espazos dotados de postos informáticos para uso individual no/s día/s e no/s horario/s que se lle asignen para realizar as probas.

Os postos informáticos deberán contar con ordenador de mesa ou ordenador portátil con acceso a Internet e acceso aos seguintes programas: navegador web, solución ofimática (LibreOffice ou equivalente) e visor/lector de PDF.

2. Cada centro realizará as probas na/s data/s e hora/s asignada/s.
3. En cada centro no que se realicen probas específicas nomearase unha ou varias persoas encargadas da organización das ditas probas e coas seguintes funcións:
 1. Información e resolución de dúbidas sobre a proba específica.
 2. Aplicación das probas segundo as instrucións recibidas.
 3. Comunicación de incidencias a través das canles establecidas pola AMTEGA.
 4. Vixilancia e control do desenvolvemento das probas.
4. Unha vez establecidas as datas das probas e comunicadas aos centros, estas non poderán ser modificadas agás causas debidamente xustificadas. Igualmente, no se atenderán peticións de modificación de datas unha vez finalizado o prazo disposto para isto.



- De ser preciso, habilitarase unha única quenda extraordinaria para aquel alumnado que por motivos técnicos, non imputables ao funcionamento do equipo onde se executa a proba, resultase non apto ou non puidese iniciar/concluir a proba ou que presente causa de ausencia de forza maior e xustificada documentalmente.

Undécimo. *Información do procedemento da proba específica da área 4 do nivel Intermedio*

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa establecerá reunións cos centros docentes co fin de facilitar información sobre o procedemento para a realización da proba específica da área 4 do nivel Intermedio do Marco Galego de Competencias Dixitais para alumnado de 2º de Bacharelato.

Así mesmo, disporase de información actualizada no Portal Educativo desta Consellería, na páxina web Competencia dixital do alumnado

<https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital/alumnado>

Duodécimo. *Posta a disposición das certificacións*

- As certificacións ComDix estarán dispoñibles na Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumna ou alumno.

Sen prexuízo do anterior, o alumnado dos centros sostidos con fondos públicos recibirá a certificación ComDix a través da aplicación Abalar e estará tamén dispoñible para a súa descarga por parte dos centros educativos en XADE no informe *AL910-Certif.Comp.dixitais*.

- Os documentos de acreditación aos que se refiren os puntos 4 e 5 do apartado quinto serán entregados polo centro educativo ao alumnado que o solicite a partir do remate das clases lectivas do curso escolar.

Disposición adicional única. *Acreditación de persoas que obtivesen o título de educación secundaria obrigatoria nos cursos 2021/22 ou 2022/23 e non realizaron a solicitude na anterior convocatoria*

- As persoas que obtivesen o título de educación secundaria obrigatoria nos cursos



académicos 2021/22 e 2022/23 tendo participado no programa E-Dixgal nun mínimo de tres cursos académicos poderá solicitar a acreditación da competencia dixital no centro no que rematase cuarto de educación secundaria obrigatoria.

Cada curso académico no programa E-Dixgal debe corresponder cun curso diferente da etapa de educación secundaria obrigatoria (1º, 2º, 3º ou 4º). Para estes efectos, os cursos do programa de diversificación curricular ou do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento computarán no curso equivalente da educación secundaria obrigatoria.

2. As persoas que desexen solicitar a acreditación da competencia dixital dirixirán unha solicitude, con data límite do 27 de febreiro de 2026, axustada en contido ao modelo recollido no anexo V, á dirección do centro no que rematasen cuarto de educación secundaria obrigatoria.

A solicitude debe ir acompañada dun documento que acredite a súa participación no programa E-Dixgal no ano académico e no curso indicado pola persoa solicitante. Este documento acreditativo axustarase no seu contido ao modelo do anexo VI para os centros públicos e ao modelo do anexo VII para os centros privados.

3. A dirección do centro enviará, desde o 2 ao 16 de marzo, ambos inclusive, os datos das persoas que cumpren os requisitos para obter a certificación ComDix de nivel iniciación. O envío realizarase a través da sede electrónica, empregando unha solicitude xenérica (código de procedemento PR004A) dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Servizo de Innovación e Programas Educativos, indicando no asunto *ComDix E-Dixgal*. A esta solicitude xuntarase un ficheiro en formato folla de cálculo cos datos das persoas propostas para a certificación, cos seguintes campos de datos: DNI/NIE, nome, apelidos, data de proposta de título, correo electrónico, teléfono.

4. A persoa solicitante recibirá a certificación ComDix conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

5. A acreditación terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou do alumno.



Disposición final. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa



ANEXO I

Solicitud do documento de acreditación das áreas de dominio de competencia dixital de nivel intermedio

Dna./D., con DNI/NIE, alumna/o do centro e matriculado en 2º de bacharelato no curso 25/26 **SOLICITO** a certificación da acreditación das áreas de dominio de competencia dixital de nivel intermedio por:

- Ter obtido o título de bacharel no curso (áreas de dominio 1, 2, 3 e 5).
- Ter superada a proba específica da área de dominio 4.

(A alumna / O alumno)

No caso de alumnado menor de idade:

Dna./D. con DNI/NIE, nai / pai / titora/titor legal da/o alumna/o **SOLICITO** a certificación da acreditación das áreas de dominio de competencia dixital de nivel intermedio

(A nai / O pai / A persoa titora legal)



ANEXO II

**Documento de acreditación de áreas de dominio de competencia dixital para
centros públicos**

a) Modelo de acreditación das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel
intermedio

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

CERTIFICA

que -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE-----, matriculada/o no centro
-----CÓDIGO NOME CENTRO----- de -----LOCALIDADE-----, provincia de -----NOME
PROVINCIA-----, con data --/--/-- foi proposta/o para a obtención do título de bacharel
que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

COMPETENCIA DIXITAL - ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO:

Área 1. Información e datos

Área 2. Comunicación e colaboración

Área 3. Creación e contido dixital

Área 5. Contorna dixital e solución de problemas

E para que conste e teña os efectos oportunos onde proceda, expídese esta
certificación.

Selo do centro

*Este documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización
da proba específica.*



b) Modelo de acreditación da área de dominio 4 do nivel intermedio

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

CERTIFICA

que -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE-----, matriculada/o no centro -----CÓDIGO NOME CENTRO----- de -----LOCALIDADE-----, provincia de -----NOME PROVINCIA-----, con data --/--/-- superou a proba específica que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

COMPETENCIA DIXITAL - ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO:

Área 4. Seguridade e privacidade

E para que conste e teña os efectos oportunos onde proceda, expídese esta certificación.

Selo do centro

Este documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización da proba específica.



ANEXO III

Documento de acreditación de áreas de dominio de competencia dixital para centros privados

a) Modelo de acreditación das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio

Dña./D. -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE-----, na miña condición de directora/director do centro educativo -----CÓDIGO NOME CENTRO----- de -----LOCALIDADE-----, provincia de -----NOME PROVINCIA-----,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

que -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE-----, matriculada/o no 2º curso de bacharelato no ano académico 25/26 no centro -----CÓDIGO NOME CENTRO-----, con data --/--/-- foi proposta/o para a obtención do título de bacharel que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

COMPETENCIA DIXITAL - ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO:

Área 1. Información e datos

Área 2. Comunicación e colaboración

Área 3. Creación e contido dixital

Área 5. Contorna dixital e solución de problemas

E para os efectos oportunos, asínase en(*lugar e data*)

(*nome e apelidos da persoa directora*)

Selo do centro

Este documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización da proba específica.



b) Modelo de acreditación da área de dominio 4 do nivel intermedio

Dna/D. -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE-----, na miña condición de directora/director do centro educativo -----CÓDIGO NOME CENTRO----- de -----LOCALIDADE-----, provincia de----- NOME PROVINCIA-----,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

que -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE-----, matriculada/o no 2º curso de bacharelato no ano académico 25/26 no centro -----CÓDIGO NOME CENTRO-----, con data --/--/-- superou a proba específica que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

COMPETENCIA DIXITAL - ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO:

Área 4. Seguridade e privacidade

E para os efectos oportunos, asínase en(*lugar e data*).....

(*nome e apelidos da persoa directora*)

Selo do centro

Esta documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización da proba específica.



ANEXO IV

Modelo de solicitude de inscrición nas probas específicas para acreditación da competencia dixital do alumnado

Dna./D., con DNI/NIE e alumna/o do
centro....., estando matriculado no curso 25/26 en 2º curso de
bacharelato

SOLICITO:

A inscrición para realizar a proba específica que se celebrará no centro para
acreditación da competencia dixital de:

Área 4 do nivel intermedio

.....

(A alumna / O alumno)

No caso de alumnado menor de idade:

Dna./D., con DNI/NIE, nai / pai / titora /
persoa titora legal da/o alumna/o, **SOLICITO** a súa inscrición
para realizar a proba específica para acreditación da competencia dixital.

(A nai / O pai / A persoa titora legal)



ANEXO V

Modelo de solicitude de acreditación de competencia dixital para persoas que obtivesen o título de educación secundaria obrigatoria no curso 2021/22 ou no curso 2022/23 e participaran no programa E-Dixgal

Dna./D., con DNI/NIE....., e domicilio en..... **SOLICITO** a certificación de competencia dixital por ter obtido o título de educación secundaria obrigatoria no curso e ter participado no programa E-Dixgal os seguintes cursos de educación secundaria obrigatoria:

- 1º curso: *(indicar o ano académico e nome do centro)*
- 2º curso (ou o 1º ano dun PMAR): *(indicar o ano académico e nome do centro)*
- 3º curso (ou o 1º ano dun PDC ou o 2º ano nun PMAR): *(indicar o ano académico e nome do centro)*
- 4º curso (ou o 2º ano dun PDC): *(indicar o ano académico e nome do centro)*

(A alumna / O alumno)

No caso de alumnado menor de idade:

Dna./D., con DNI/NIE, nai / pai / titora / persoa titora legal da/o alumna/o, **SOLICITO** a súa certificación de competencia dixital.

(A nai / O pai / A persoa titora legal)



ANEXO VI

**Modelo de documento acreditativo de participación no programa E-Dixgal para
centros públicos**

Dña./D. -----NOME E APELIDOS-----, -----CÓDIGO NOME CENTRO ----- de -----
LOCALIDADE -----, provincia de -----NOME PROVINCIA -----

CERTIFICO

QueNOME E APELIDOS..... con -----DNI/NIE----- estivo matriculado e
participou no programa E-Dixgal no curso(1º, 2º, 3º, 4º)..... de educación secundaria
obligatoria no ano académico no centro educativo..(---CÓDIGO NOME CENTRO ---):

A/O secretaria/o
director

Selo do centro

A directora / O



ANEXO VII

Modelo de documento acreditativo de participación no programa E-Dixgal para centros privados

Dña./D. -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE -----, na miña condición de directora/director do centro educativo -----CÓDIGO NOME CENTRO ----- de ----- LOCALIDADE -----, provincia de -----NOME PROVINCIA -----,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

que -----NOME E APELIDOS-----, con -----DNI/NIE -----, estivo matriculado e participou no programa E-Dixgal no curso (1º, 2º, 3º, 4º) de educación secundaria obrigatoria no ano académico no centro educativo -----CÓDIGO NOME CENTRO-----.

E para os efectos oportunos, asínase este documento en(lugar e data).....
(nome e apelidos) Selo do centro

